


Yolanda Seoane-Veiga

Escavación, traslado e posta en valor do petróglifo de Devesa do Rei (Moaña, Pontevedra)



Santiago de Compostela 2011



CSIC

CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS

CAPA 28

Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio

Escavación, traslado e posta en valor do petróglypho de Devesa do Rei (Moaña, Pontevedra)

Yolanda Seoane-Veiga



CSIC

Laboratorio de Patrimonio
Consejo Superior de Investigaciones Científicas

Data de edición: xuño 2011

CAPA 28

Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio

Consello de Redacción

César Parcero-Oubiña, LaPa - CSIC (director)
David Barreiro, LaPa - CSIC (secretario)
Yolanda Álvarez González, Terra Arqueos S.L.
Lois Armada, LaPa - CSIC
María Luz Endere, Universidad Nacional del Centro de la Provincia de Buenos Aires - UNICEN
Silvia Fernández Cacho, Instituto Andaluz de Patrimonio
César González-Pérez, LaPa - CSIC
Ignasi Grau Mira, Universidad de Alicante
Pilar Prieto, Universidade de Santiago de Compostela

Consello Asesor

Jesús Bermúdez Sánchez, Comunidad de Madrid
Rebeca Blanco-Rotea, LaPa – CSIC
Manuela Costa-Casais, LaPa – CSIC
Fidel Méndez Fernández, Past S.L.N.E.
Maria Conceição Lopes, CEAUCP, Universidade de Coimbra
Elías López-Romero, LaPa – CSIC
Dorothy Noyes, The Ohio State University
Eugenio Rodríguez Puentes, Xunta de Galicia

Edita

Laboratorio de Patrimonio (LaPa)
Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Enderezo de contacto

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento
San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela

Teléfono +34 981 547053
Fax +34 981 547104

E-mail lapa@iegps.csic.es
Web www.iegps.csic.es/lapa

Depósito Legal: C 1675-2011

ISSN: 1579-5349

TÁBOA DE CONTIDO

Introdución	5
Contexto e condicións da intervención	5
Contextualización do xacemento	6
Descrición da zona de traballo	6
Caracterización do afloramento	6
Descrición física	6
Descrición dos motivos.....	6
Proposta da actuación	7
Metodoloxía e plano puntual de traballo	7
Descrición das diferentes fases de traballo.....	7
Escavación arqueolóxica	8
Metodoloxía da escavación arqueolóxica	8
Sectores de Traballo.....	8
Sistemas de referencias.....	8
Escavación en área.....	8
Criterios para a descrición de UEs.....	8
Depósitos	8
Resultados da escavación arqueolóxica.....	9
Caracterización da secuencia arqueolóxica.....	9
Descrición de materiais.....	11
Reprodución dos gravados: levantamento do calco sobre plástico	12
Metodoloxía de observación e reprodución no campo.....	12
Definición dos límites da área gravada.....	12
Observación e identificación dos gravados	13
Pintado do petróglifo	13
Colocación do plástico para a realización do calco	13
Perfilado das figuras sobre o plástico.....	14
Procesado en gabinete	14
Extracción, traslado e posta en valor da rocha con gravados.....	14
Problemática previa	14
Metodoloxía de extracción	15
Situación patrimonial tralos traballos de extracción	15
Proposta de traslado.....	15
Metodoloxía da reubicación e resultados da mesma	15
Preparación da área de reubicación	16
Traslado e reubicación dos bloques resultantes da extracción.....	16
Posta en valor dos bloques con gravados e acondicionamento da zona.....	17
Valoración da Intervención	17
Bibliografía	18
Catálogo	21
Figuras	31

Ficha Técnica

Autoría do texto

Yolanda Seoane-Veiga

Dirección da actuación

Yolanda Seoane-Veiga

Investigador principal

Felipe Criado Boado

Equipo técnico

Teresa Espejo Guardiola, Juan Angel Anca Calvo, Óscar Alonso Tejedor.

Equipo de traballo

Estíbaliz García Gómez, M^a Isabel Pazos Silva, Eva Castro Vigo, Eduardo Velázquez Turnes, M^a del Rosario Canicoba Castro.

Estudio de Materiais

M^a del Pilar Prieto Martínez e Sofía Baqueiro Vidal

Delineación e aparato gráfico

Anxo Rodríguez Paz

Fotografía

Equipo de Campo

Tratamento da información

Matilde Millán Lence

referencias administrativas

Actuación realizada no marco do programa de Control e Corrección da construción do Corredor do Morrazo.

Traballo arqueolóxico autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Comunicación Social e Turismo) segundo Resolución do 25 de agosto de 2003.

Clave Expediente Administrativo: CJ 102A 2003/527-0.

financiamento

Financiamento do proxecto: Viviendas y Cerramientos, S.A. e COPASA: UTE AVIADOR

Financiamento da edición: Laboratorio de Patrimonio

CAPA 28

Escavación, traslado e posta en valor do petróglifo de Devesa do Rei (Moaña, Pontevedra)

Yolanda Seoane-Veiga

Laboratorio de Patrimonio

Consejo Superior de Investigaciones Científicas

Primeira edición

Resumo

O texto correspóndese coa Memoria Técnica resultado dos traballos arqueolóxicos desenvolvidos no marco do Programa de Corrección do Impacto Arqueolóxico no Corredor do Morrazo (Pontevedra). Estes traballos consistiron na realización da escavación, traslado e posta en valor do petróglifo de Devesa do Rei, afectado polas obras do corredor. A escavación tratou de determinar a posible existencia de restos relacionados co xacemento, ao tempo que se proporcionaba unha superficie de traballo para acometer o corte e extracción da rocha. Porén, esta última non cumpriu as expectativas previstas, posto que a zona dos gravados sufriu graves danos que fixeron imposible a súa reubicación completa. Os bloques que se conseguiron salvar quedaron reubicados nun lugar o máis próximo posible ao orixinal; non foi viable respectar a súa orientación orixinal, aínda que se situou nun punto no que conserva a súa visibilidade cara á valgada onde estaba emprazado, ao mesmo tempo contemplouse a accesibilidade para as visitas, e situouse o gravado nunha zona facilmente accesible desde o corredor.

Abstract

This text corresponds with the technical report resulting from the archaeological work developed in the "Program Correction of Archaeological Impact in the Morrazo Fast Route (Pontevedra)". These works consisted in an excavation, transfer, and value enhancement of the petroglyph in Devesa do Rei, which has been affected by the fast route. The excavation tries to prove the existence of remains related to the site, at the same time, a surface was provided for carrying out the cutting and the extraction of the rock. Nonetheless, this last one didn't fulfill the forethought expectations, due to the fact the engravings zone suffered several damages that made impossible a complete relocation, as it was first thought. The blocks that were saved were relocated in the closest place that could be thought nearby the original one.

Palabras Chave

Arqueoloxía da Paisaxe. Corredor do Morrazo. Corrección do Impacto Arqueolóxico. Petróglifo. Escavación. Traslado, Posta en valor.

Keywords

Landscape Archaeology. Morrazo fast route. Correction of Archaeological Impact. Petroglyph. Excavation. Transfer. Enhancement.

INTRODUCCIÓN**Contexto e condicións da intervención**

Neste texto recóllense os traballos realizados polo *Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe* do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (agora *Laboratorio de Patrimonio-LaPa*) no marco do *Programa de Corrección do Impacto no Corredor do Morrazo*, en relación co Petróglifo de Devesa do Rei (Moaña, Pontevedra).

A actuación desenvolvida no contorno do Petróglifo de Devesa do Rei tivo por obxectivo mitigar o impacto severo que as obras do Corredor ocasionarían sobre dito lugar, posto que o petróglifo quedaba a escasos metros do noiro lateral que creou o recheo para a construción do tronco principal na ladeira nordeste do Alto das Sidades.

A construción do Corredor do Morrazo destruíu a parte superior do outeiro, polo que desapareceu o conxunto rochoso natural no que se asentaba o gravado. A actuación desenvolvida nesta intervención consistiu na *realización da escavación, traslado e posta en valor do Petróglifo de Devesa do Rei*, no concello de Moaña, afectado pola construción do Corredor do Morrazo, co fin de mitigar e corrixir o **impacto** que a citada construción produciría sobre o xacemento arqueolóxico.

Esta actuación derívase da localización do petróglifo de Devesa do Rei durante os traballos de control e seguimento da obra de construción do mencionado corredor¹. O gravado está situado no interior da traza polo que se viu directamente **afectado** polas obras de construción. O seu interese e a magnitude da afección obrigaron a adoptar a **medida correctora** consistente na súa escavación e traslado dalgunhas partes da rocha para un lugar próximo, onde as condicións de emprazamento son o máis similares posibles ás orixinais.

A intervención, realizada no mes de novembro do 2003, consistiu na **escavación** do contorno da rocha gravada, concretamente dunha superficie de 12 x 14 m. A finalidade desta escavación foi proporcionar información contextual que poida ser de interese, ao tempo que se limpou o contorno do soporte na procura das diaclasas naturais polas que se provocou a

¹ No estudo de impacto arqueolóxico que deu como resultado a "Memoria Técnica da Prospección Arqueolóxica Intensiva do Corredor do Morrazo (Doval e Vidal 2001) non se recolle a existencia deste xacemento. Foi nas tarefas de seguimento arqueolóxico do Treito I-2 Outeiro do Aviador á PO-313 en Moaña, realizado polo Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe (IEGPS), cando, coa axuda de Miguel Vidal Lojo, localízase a rocha cos gravados.

ruptura para a súa extracción. Ademais fíxose un calco sobre plástico para documentar os motivos.²

Os traballos de **extracción** correron a cargo da empresa *Explotaciones Mineras del Morrazo*, contratada pola unión temporal de empresas (en diante UTE) para tal efecto. A técnica de corte consistiu na perforación en abano mediante barrenas a partires da superficie de ataque situada ao sur da rocha; nestes furados introduciuse cemento expansivo que no proceso de solidificación e aumento de volume provocou a rotura da rocha. A extracción non obtivo o éxito esperado: por motivos que máis abaixo expoñeremos perdeuse unha gran parte do gravado principal. Porén puideron salvarse varios bloques que foron reubicados na fase final de obra. Unha vez extraído o petróglifo, foi depositado temporalmente nunha área próxima, dentro da banda de expropiación. Neste lugar permaneceron as rochas á espera do momento axeitado para a súa recolocación.

A **reubicación** da rocha extraída levouse a cabo cando xa a obra de construción estaba rematada, logo de que se realizaran todos os traballos de movemento de terras e acondicionamento de todas as infraestruturas anexas, ramais, etc. cando xa funcionaba o propio corredor, en febreiro de 2006. Situouse dentro da área expropiada polo Corredor, ou sexa, nun terreo de titularidade pública, nas inmediacións do sitio orixinal.

A sinalización (ubicación da mesa e sinalizadores) e a adecuación do acceso están pendentes de asignación por parte da asistencia técnica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (en diante CPTOVP).

Contextualización do xacemento

Descrición da zona de traballo

O Corredor do Morrazo transita pola vertente meridional da península do Morrazo, no sector suroccidental galego (Figura 1), atravesando os concellos de Moaña, Cangas e Bueu. A península configúrase como un bloque de dirección E-W, fundamentalmente granítico, moi fracturado, de formas en xeral abruptas e aspecto redondeado consecuencia da acción de diferentes procesos tectónicos e erosivos. O accidentado litoral alterna tramos de acantilados con outros propios da costa baixa e areosa. As abundantes fracturas do terreo provocan unha densa rede fluvial que inza estes concellos.

O *Petróglifo de Devesa do Rei* sitúase na ladeira NE do Alto da Sidades, nun pequeno espolón bastante chan, de sentido N-S que limita unha pequena valgada ao E, atopándose a pedra do petróglifo no

borde do espolón cara ao E. Esta zona é a cabeceira dunha pequena valgada que existe entre o Alto da Sidade e o Monte do Faro de Domaio, na vertente E do val do río Fraga (Figuras 2 e 4).

O contorno arqueolóxico está dominado polo castro que se sitúa na parte superior do monte de Alto da Sidades (GA36029030) e polos petróglifos de A Escada (GA36029009) e o de Pozo do Garrido (GA36029007), situados ao SE do elemento tratado no presente documento (Figura 2).

Caracterización do afloramento

Descrición física

O substrato granítico caracteriza a Península do Morrazo. Neste punto de fortes pendentes afloran un bo número de superficies rochosas, tanto laxes a ras do chan como pedras cabalgadas ou castelos.

Neste caso trátase dunha rocha única en **posición orixinal**, situada na zona superior dun espolón cunha lixeira pendente cara ao N (Figura 5). Trátase dun afloramento de gran tamaño cunhas dimensións superficiais de 11,10 m de N a S e 8,20 m de E a W, sobresaen uns 0,80 m pola parte N, 1,30 m polo lado E e atópase a ras de chan na parte S e W. A orientación do eixo maior do bloque é NW-SE cara á valgada do E. O tipo xenérico de rocha é granito de dúas micas, a textura é equigranular e dentro desta granuda. O afloramento é de granito branco, de gran medio, sendo visible uns cristais de seixo e feldespato de ata 2 cm de longo. As formas do bloque tenden a ser redondeadas aínda que presenta paredes verticais e/ou irregulares por algunhas partes debido probablemente aos cortes provocados por labores de cantería. En canto á microtopografía non presenta diques, e só destaca unha diaclasa fonda e estreita que atravesa a rocha de E-W, pasando moi preto do gravado.

A parte E da rocha aparece moi afectada por cantería, de feito nesta zona atopamos varias pedras cuxo tamaño varía entre os 1,60 x 1,20 m da máis grande e os 70 x 45 m da máis pequena, que con toda seguridade se tratan de partes da rocha principal desprendidas debido á cantería, polo que a rocha en orixe debía de ter unhas dimensións máis amplas (Figura 5).


Esta é a única rocha documentada con gravados na área de cautela entre os PKs 107+350 e 107+450.

Descrición dos motivos

O gravado principal está inscrito na parte central e máis cóncava da rocha, trátase dun **reticulado** de 1,87 x 1,12 m aproximadamente, orientado cara ao S (Figura 7 e 27). Este reticulado atópase entre varias gretas que cruzan de N a S a rocha, rematando algunhas veces os sucros nestas diaclasas. Na parte baixa as retículas péchanse cun suco. Algún dos sucros presentan un bo estado de conservación, pero outros están bastante erosionados, sendo complicada a súa lectura. É difícil encadrar cronoloxicamente este gravado, xa que estas figuras non son moi frecuentes nas Arte Rupestre galega (Santos 2008),

² Actualmente a documentación con técnicas 3D, especialmente escáner láser e fotogrametría, están a substituír na reprodución de gravados ao calco sobre plástico. As súas posibilidades pódense ver en Mañana-Borrazás, P. et. al., 2009.

aínda que Santos (2006) sinala a súa semellanza con certas decoracións atopadas en tumbas megalíticas como as do dolmen de Antelas (Portugal) do IV milenio a. C., polo que non descarta a posibilidade de que a cronoloxía deste petróglifo puidera situarse en época neolítica.



1, 2 e 3: gravados do dolmen de Antelas (Viseu). 4: petróglifo de Devesa do Rei (Figura tomada de Santos 2006: 107).

Rodeando este motivo hai unha serie de sucos en forma de cruz e con forma irregular que orixinalmente quizais formasen parte do reticulado pero é probable que, debido á erosión, se vexan illados na actualidade. Moí preto do reticulado pola parte sur aparece un suco en forma de círculo. Na parte superior do reticulado (cara ao N), aproximadamente a 30 cm deste, atópanse dúas figuras abstractas, unha delas formando un círculo incompleto de cuxo centro arranca un suco, e a outra case rectangular con un suco que a divide transversalmente; as súas medidas son de 15 x 12 cm e 27 x 12 cm respectivamente. A parte disto identificáronse durante as labores de escavación novos gravados, o primeiro deles atópase no lado E da rocha, na parte superior dunha superficie inclinada cara ao S. Trátase dun motivo abstracto de 25 x 7 cm, que se compón dun círculo cun apéndice que se corta por unha liña transversal. Abaixo deste motivo tamén se atopou un suco con forma de semicírculo. De novo na parte SE da rocha, nunha zona bastante afectada pola erosión atopouse un reticulado de pequeno tamaño (25 x 35 cm) incompleto polo mal estado de conservación da rocha. Por último na zona W atopáronse o que puideran ser dúas posibles coviñas de aproximadamente 4 cm de diámetro e 1 cm de profundidade, porén coa axuda dunhas boas condicións de luz comprobouse que se trataba de simples rebaixes naturais.

Obxectivos da intervención

O principal obxectivo da intervención foi garantir a salvagarda dos gravados. Este obxectivo concrétese nunha serie de puntos:

1. Aproximación a unha **caracterización** máis exhaustiva da zona.
2. Comprobar a existencia de **evidencias arqueolóxicas**.
3. No caso de que aparecesen, definir a súa morfoloxía, delimitación espacial e propoñer hipóteses acerca da súa orixe.
4. Lectura completa e detallada da **secuencia estratigráfica** atendendo tanto a aspectos formais como arqueolóxicos.
5. Documentación exhaustiva dos gravados, para elaborar un **calco**.
6. Proporcionar unha superficie de ataque para o **extracción** da rocha

7. **Reubicar** o petróglifo nun lugar que fose o máis próximo posible ao orixinal.

PROPOSTA DA ACTUACIÓN

Metodoloxía e plano puntual de traballo

A intervención consistiu na escavación do contorno dunha rocha gravada cunha superficie de 11,10 x 8,20 m (YA030613F02). Este traballo foi desenvolvido entre o 13 de outubro e o 6 de novembro de 2003, por un equipo de dez persoas. O calco sobre plástico do petróglifo levouse a cabo en tanto se realizaba a escavación. Os traballos de acondicionamento para a extracción correron a cargo dunha empresa contratada pola UTE para tal efecto, e realizouse entre o 6 de novembro e o 22 de decembro do 2003. A reubicación definitiva levouse a cabo os días 1 e 2 de febreiro do 2006.

Os principios metodolóxicos xerais son os recollidos no Proxecto de Corrección do Impacto Arqueolóxico do Corredor do Morrazo, polo que no seguinte apartado só se contempla o plano puntual de traballo para a presente intervención.

Descrición das diferentes fases de traballo

Esta actuación, tal e como se dixo máis arriba, consistiu na escavación do contorno inmediato do petróglifo de Devesa do Rei, e a extracción do soporte para a posterior reubicación do mesmo no contorno do Corredor do Morrazo.

As fases de traballo desenvolvidas foron a escavación, extracción e reubicación do elemento no contorno da vía, moi próximo ao lugar da súa ubicación orixinal.

Os traballos realizados consistiron nas seguintes tarefas concretas:

1. **Documentación** (cartográfica e gráfica).
2. **Revisión e limpeza** manual da totalidade de rochas ou afloramentos engadidos na banda de afección sobre a que se plantexa a actuación.
3. **Escavación** dun sector do contorno do petróglifo, documentándose a estratigrafía e o material arqueolóxico co obxecto de contextualizar o petróglifo.
4. Elaboración do **Calco** do Petróglifo.
5. **Extracción** do soporte por parte da empresa contratada pola UTE, coa axuda de operarios e maquinaria para o transporte proporcionados por esta última.
6. **Traslado** a un lugar vixiado para o seu depósito temporal dentro da área de expropiación da obra.
7. **Estudo do lugar de reubicación** a uns metros máis ao este, fóra da banda de ocupación do corredor.

8. **Reubicación** e adecuación do contorno simulando a súa posición orixinal, no momento final das obras de construción

ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA

Metodoloxía da escavación arqueolóxica

Os traballos arqueolóxicos efectuados no sitio consistiron en:

1. **Limpeza manual** do petróglifo e acondicionamento das zonas nas que se ían montar os sectores de escavación.
2. **Plantexamento** da escavación. A metodoloxía empregada seguiu as convencións establecidas por este laboratorio (Parcero et. al. 1999) nunha área de traballo inicial de aproximadamente 2 m cara fóra do perímetro da rocha.
3. **Ampliación** da área de traballo inicial cara ao E, posto que os depósitos de maior interese se concentraban nesta zona
4. **Apertura** dunha sondaxe de 1x1 m na parte W do xacemento.
5. **Limpeza de diaclasas**, ante a posibilidade de atopar material arqueolóxico.

Sectores de Traballo

Procedeuse ao plantexamento inicial dun só sector de traballo, cunhas dimensións de 12 x 12 m que se ampliou posteriormente cara ao E en 2 x 12 m, resultando ao final unha área de traballo de 12 x 14m.

Sistemas de referencias

Estableceuse para o sector de traballo un sistema de referencias previo á escavación, que seguiu a metodoloxía de traballo deste Laboratorio.

Así, partiuse da división da área intervida en Unidades de Rexistro (UR) de 4 x 4 m a partir dunhas coordenadas arbitrarias que se referenciaron na súa posición absoluta e, con el, todo o sistema de UR, estando o Norte arqueolóxico das UR orientado ao Norte xeográfico. Numerouse cada UR cunha marxe suficiente para unha hipotética ampliación da área de escavación da inicialmente prevista. Este sistema de referencias foi a base empregada para o rexistro de información gráfica, mentres que as pezas, mostras, plantas e cotas das Unidades Estratigráficas, e contornos da rocha e gravados, rexistráronse directamente coa estación total, polo que as coordenadas arqueolóxicas de todo o documentado coa estación total correspóndense coas reais.

Escavación en área

Levou-se a cabo a escavación e documentación da secuencia edafolóxica detectada nos distintos sectores segundo a metodoloxía arqueolóxica empregada por este laboratorio, información que se pode dividir en dous grupos esenciais de elementos:

- Información estratigráfica (Parcero et al. 1999).
- Rexistro de materiais (Cobas e Prieto 1998).
- Rexistro de gravados, diaclasas, rebaixas e contorno da rocha (Seoane 2009)

Non se recolleu ningunha mostra xa que non foron atopados depósitos con evidencias significativas ou de interese.

Criterios para a descrición de UEs

Co obxecto de buscar unha maior homoxeneidade no rexistro da información de cada UE, e evitar na medida do posible o criterio persoal de cada escavador, seguiu-se unha guía de descrición tanto para depósitos coma cortes, tal e como se explica en Parcero et al. 1999, incorporando algúns dos criterios definidos na *Guía para la descrición de perfiles de suelos* (1968). Para unha mellor comprensión dos datos que se reflicten nas fichas de UE (descritas polo miúdo no catálogo deste traballo), detallamos a continuación cales son os criterios que se trataron de seguir ao rexistrar descritivamente cada UE.

Depósitos

- **Cor:** non se usou ningún tipo de táboa descriptiva xa que a cor non se considera un elemento definitorio dos depósitos, pois esta depende moito da luz, humidade, como para facer un rexistro exhaustivo da mesma. Descríbense as cores en xeral (marrón, gris, amarelo), nalgúns casos afinando os tons dos mesmos (máis ou menos escuro, etc.). Senón é uniforme, faise referencia á presenza de manchas de cor, se son máis ou menos definidas, o grao de nitidez dos seus límites (brusco ou difuso).
- **Compactación:** definiuse a compactación dos depósitos coma soltos ou pouco compactos, cando rascando coa paleta non era difícil desfacer o depósito; compactación media cando tiña unha dureza normal; e compactación forte cando era destacadamente duro.
- **Composición:** é o que caracteriza a cada depósito dunha maneira máis obxectiva; distínguese se o sedimento fino ten máis ou menos limo, arxila, area ou grava, e a presenza ou non de material máis groso, sinalándose neste caso o tamaño xeral das pedras (grava, pedra e bloques ou pedregóns), o tipo de material, a forma (angular, plano, redondeado) e frecuencia. (de moi pouco ata dominante) e distribución dentro do depósito, e finalmente, se ten ou non material orgánico visible, coma raíces, carbóns, etc.
- **Forma do depósito:** o que fai referencia á forma da planta do depósito (circular, oval, alargada, cuadrangular,...), cómo é a súa superficie (regular ou non, plana, inclinada, ondulada), se ten ou non un espesor uniforme, etc.
- **Límite coa UE inferior:** facendo referencia a anchura do límite (brusco, gradual, difuso) e a topografía do límite (plano, ondulado, irregular, interrompido).
- **Espesor e tamaño:** trátase de apuntar as medidas do depósito que se toman en cm, ben nas

súas dimensións máximas (co que se especifica a súa orientación), ben nos eixos N-S e E-W; o espesor do depósito, se é regular dase a máxima, aínda que se é máis irregular tamén se inclúe a mínima.

- *Frecuencia e tipo de achados*: é un dato aproximado, xa que se reflicte a descrición do momento de documentación, e a cantidade de material e a caracterización máis precisa do mesmo non se terá ata a fase de xestión de dito material; o que aquí se apunta é o material máis significativo, ou soamente a súa presenza.
- *Cortes*
- *Forma en planta* da boca do corte (circular, oval, alargada, cuadrangular...)
- *Forma das esquinas*: neste caso non se rexistrou este dato, xa que a práctica totalidade das estruturas se atopaban cortadas pola pala escavadora ou pola limpeza manual do sitio.
- *Dimensións e profundidade*: tómanse en cm; refírese ao tamaño da boca e da base, ben nas súas dimensións máximas (co que se especifica a súa orientación), ben nos eixos N-S e E-W; a profundidade do corte mídese dende a boca ata a base, que se é regular dáse a máxima, aínda que se é máis irregular tamén se inclúe a mínima.
- *Paredes*: trátase de describir se os seus perfís entre a boca e a base son simétricos ou non, o seu buzamento, para o cal se emprega a mesma escala que no caso das pezas (0 = horizontal ata 4 = vertical), e incluso cómo é a súa superficie (regular ou non, lisa, etc.).
- *Base*: descrita tanto en planta (circular, oval, etc.) coma en perfil (plana, cóncava, convexa, inclinada, escalonada, etc.).
- *Orientación*: trátase de destacar cal é o eixo maior do corte (foso, gabia, ...), se a de a boca e a base son iguais ou non, etc..
- *Inclinación*: se é un corte vertical ou cara qué dirección está inclinada a boca respecto á base.
- *Ruptura cóncava e convexa*: descríbese tamén cómo é a conexión entre as paredes e a boca e a base, que tipo de ángulo de ruptura ten, máis ou menos angulosa, redondeada, e máis ou menos aberta (0 ata 4).
- *Relacións estratigráficas*: descríbense as relacións da totalidade de UEs vinculadas có corte.
- *Alteracións*: tanto por UEs posteriores coma por elementos naturais (raíces, toupeiras, etc.), accións antrópicas destrutivas, etc..

Resultados da escavación arqueolóxica

A escavación arqueolóxica consistiu no baleirado dos depósitos que se atopaban no sector de escavación que rodeaba a rocha. A área de escavación posuía unhas dimensións iniciais de 12 x 12 m que foron ampliadas 2 m cara ao E, resultando ao final

unha área de 12 x 14 m, con un total de 12 UR (Figura 8).

Caracterización da secuencia arqueolóxica

Na escavación que se levou a cabo só se documentou unha secuencia estratigráfica que se corresponde ou ben con **niveis naturais** ou ben con **niveis antrópicos recentes**, sen atopar ningún tipo de estrutura ou evidencia arqueolóxica (Figura 22).

Hai que advertir que, se ben se abriu o sector de escavación rodeando ao gravado en tódalas direccións, non se chegaron a baleirar os depósitos de tódalas UR, debido a que as zonas NE, E e SE estaban moi afectadas por actividades extractivas modernas. A presenza de grandes bloques illados cunhas dimensións de ata 1,6 m dispostos preto da rocha co gravado, e o feito de que o afloramento presentara polas mesmas zonas onde aparecían os bloques unhas paredes verticais, aristas e claramente artificiais, facían indicar que aquela zona se atopaba moi alterada antrópicamente. Este feito, que se podía percibir superficialmente, confirmouse unha vez extraída a capa vexetal, cando seguiron aparecendo bloques que semellaban ser restos de labores de cantería. Debido a isto decidiuse concentrar os esforzos na parte central e na parte W, en concreto en 8 UR (042, 043, 032, 033, 022, 023, 034, 044) xa que estas eran as únicas zonas nas que, de haber rexistro arqueolóxico, se podería conservar. Isto significa que nas UR da parte E (024, 025, 035 e 045) só foi baleirada a cobertura vexetal, aínda que, como máis tarde describiremos, fíxose unha pequena sondaxe para verificar que a estratigrafía non contiña niveis interesantes desde o punto de vista arqueolóxico.

A superficie escavada presenta unha lixeira pendente cara ao SE, sendo só a partes N-NW e W-SW unha zona chaira. Isto condiciona que sexan esas parte as que presenten maior potencia nos seus depósitos, xa que foi aí onde se acumulou o material procedente da parte alta da ladeira situada ao W do petróglifo. No lado E da escavación os depósitos non presentan tanta potencia xa que o chan ten unha lixeira pendente que fai que o material caia ao fondo da valgada situada ao E do xacemento (Figura 6). A zona NE é tamén unha zona relativamente chaira pero non presenta unha gran potencia posto que a rocha base está case a nivel superficial.

Documentáronse un total de once depósitos, que van dende o chan actual ao nivel da rocha basal, todos eles sen evidencias de actividades humanas significativas de orixe prehistórica relacionadas co gravado. A secuencia tipo é a dun solo actual, no que predomina o compoñente vexetal e na que destaca a presenza dunha grande cantidade de bloques (entre 1 e 2 m de lonxitude no seu eixo maior por uns 1,5 m de altura) de granito, sobre todo concen-

trados na parte E. Este depósito (**UEDER01001**³) (Figura 9) estendíase por tódolos sectores da escavación cunha potencia variable entre os 10 e os 15 cm, tendo unha maior potencia na parte W.

Baixo deste depósito atópase un segundo nivel (**UEDER01002**) con terra máis escura, de composición limosa-areosa documentada de novo en toda a área escavada (Figura 10) cunha potencia que varía chegando nalgún caso ata os 40 cm (sector W). A súa composición é bastante heteroxénea en si mesma, presentando pedras de granito de tamaño variado sobre todo nas UR 025, 034, 035, 44 e 45. Neste depósito seguíronse destapando os grandes bloques de granito que afloraban na superficie na parte S, SE e N (cunhas dimensión de ata 1,6 m) e foron aparecendo uns bloques máis pequenos que non se vían superficialmente xa que tiñan un tamaño máis pequeno (sobre 40 cm). Todos este bloques estaban contidos nesta UE, polo que pode que este nivel se corresponda á fase de extracción de rocha por parte dos canteiros, feito nun depósito que con toda seguridade se formou en parte grazas ás labores extractivas modernas.

Foron atopados varios líticos e dous fragmentos cerámicos de adscripción cronolóxica indeterminada. Entre a **UEDER01001** e a **UEDER01002**, pero, limitado a algunhas zoas puntuais, como son a parte SE (UR 025 y 035) e a Norte (UR 044) aparece un depósito mineral (**UEDER01003**) formado por pedras de granito de diversos tamaños (entre 4 e 30 cm no seu eixo maior) e de pequeno espesor, e por areas grosas e finas (Figura 11). Non apareceu material arqueolóxico asociado a esta última UE.

Aparentemente estes dous depósitos (**UEDER01002** e **UEDER01003**) son de creación recente. No primeiro dos casos serían froito dun proceso de acumulación de sedimento natural con aportes de pedra resultado dos traballos de cantería no afloramento rochoso; así o indican a súa coloración, a súa compactación media-baixa, e o feito de que neste nivel se asenten os grandes bloques que se vían en superficie e outros de tamaño máis modesto. No segundo caso, **UEDER01003**, o tipo de pedras laminares parece indicar que este depósito procede de lixos das labores de cantería dunha fase probablemente máis recente que a que xerou os grandes bloques, posto que se atopaba moi superficial e en contacto coa capa vexetal; ademais, a súa forma laminar indica que poderían ser resultado dunha forma extractiva máis moderna. As gravas e areas de diferentes tamaños probablemente se atopan na zona por escorrentía ao situarse este depósito na zona máis baixa da escavación e nunha parte baixa da ladeira.

Unha vez descuberta a **UEDER01002** en todo o sector de traballo, e, como ben dixemos máis arriba, á vista dos grandes bloques de granito que asoma-

ban desde o nivel de solo actual e ante a posibilidade de que a zona NE, E e SE estivese totalmente desmantelada polos traballos de cantería, decidiuse abrir unha sondaxe de 1 x 1 m na parte SE para verificar a estratigrafía, e para decidir se esta zona era arqueoloxicamente interesante así como para descartar a presenza de niveis ou estruturas importantes a nivel arqueolóxico (Lamina 12). Nesta sondaxe comprobouse que o depósito de terra negro e areoso se mesturaba con bloques dun tamaño maior de 40 cm e se asentaba directamente sobre a rocha base cunha potencia de aproximadamente 40 cm. Ante a ausencia de niveis ou estruturas chamativos decidiuse concentrar os traballos de escavación unicamente na parte aparentemente máis intacta do sector, a central e a Norte, o que se traduce nunha área de traballo de 8 x 12m (UR 044, 034, 024, 043, 033, 023), que posteriormente se ampliou 2x12 m cara ao W (UR 042, 032, 022), atopando novamente nestas UR depósitos sen interese arqueolóxico. Nesta UR puidéronse documentar sete novas unidades a parte das xa descritas. A primeira delas, **UEDER01004**, trátase dun depósito de pedras de granito con tamaños que varían dende os 5 cm ata os 30 cm, cunhas formas moi heteroxéneas que van dende redondeadas ata laminadas e aristosas (Figura 10). Este depósito aparecía nas UR 032, 042, 043 y 044 e non presentaba ningunha orientación ou disposición definidas. A súa morfoloxía heteroxénea, a falta dunha orientación clara, así como a súa relación con outros depósitos, parecen indicar que se podía tratar dun depósito resultado das labores de cantería realizadas na rocha. Á mesma altura que este depósito, no subsector 13 da UR33 e no subsector 1 da UR43, atópase a **UEDER01005**: igualmente trátase dun depósito de pedras de granito (Lamina 14), asentado sobre a **UEDER01002**, de tamaño variable dende 5 x 10 cm a 50 x 30 cm, pero que presentan a salvidade de posuír unhas formas planas e de ter a cara exterior bastante pulida. Ademais todas presentan un espesor aproximado de 5 cm. Este feito, unido a que non presentaban buzaemento e que se dispoñían unhas preto das outras encaixando perfectamente, fixo pensar na súa antropía. Valorouse a posibilidade de que se tratase dun empedrado asociado ao uso do gravado⁴. Porén, despois da extracción deste depósito e ante a ausencia de material que corroborase esta posibilidade e, debido á súa posición con outros depósitos vinculados a restos de cantería, chegouse á conclusión de que se puidese tratar do resultado da fragmentación *in situ* dunha rocha con forma laminada, isto explicaría o engarce perfecto de tódalas pedras e a súa heteroxeneidade de tamaño. O feito de que as súas caras externas estivesen máis pulidas pódese deber a que estas estiveron expostas aos axentes erosivos.

³ Empréganse as siglas UEDER xa que se refire a unha UE de Devesa do Rei.

⁴ En Tanum (Suecia) documentáronse varios empedrados asociados a petroglifos cunhas características similares ao que aquí describimos (Bengtsson, e.p.).

Así pois, non atopamos ningunha evidencia que nos fixera sospeitar que estes depósitos (**UEDER01004** e **URDER01005**) están asociados a unha fase de uso do petróglifo. Pola contra, parece que son resultado de actividades modernas, feito que confirma a súa posición en contacto coa base da **UEDER01002**, onde atopamos os grandes bloques extraídos do afloramento. Parece que estes niveis foron selados naturalmente pola **UEDER01002**, e que marcan o inicio da fase de uso do petróglifo para actividades extractivas.

Á mesma altura que este depósito, pero máis ao NE, aparece a **UEDER01006**, que contén pedras de granito (Figura 15). Atopouse na UR043. Todas as pedras que conforman este depósito posúen unhas características similares e unhas medidas aproximadas de 40 cm x 70 cm. Aparecen todas elas xuntas e cunha orientación do seu eixo maior de NW a SE. Unha vez extraídas comprobouse a súa orixe natural posto que a rocha base se atopaba inmediatamente debaixo e tiña un nervio, con masa rochosa que sobresaía, orientado na mesma dirección, polo que probablemente se trataba de bloques desprendidos da rocha nai.

Novamente a esta mesma altura, e nas UR23, 32 e 22, aparece a **UEDER01007**, formada por pedras de granito cun tamaño considerable (de 40 cm a 70 cm de largo e de 20 cm a 60 cm de ancho) cun buzamento de 3 e 4. Cando se chegou ao substrato comprobouse que estas rochas arrancaban do mesmo (Figura 17).

Os depósitos **UEDER01004** e **URDER01005** sitúanse á mesma cota, e aséntanse na **UEDER01008** (Figura 16). Á mesma altura que os dous primeiros depósitos tamén empezan a asomar os niveis **URDER01006** e **URDER01007**, porén estes arrancan directamente da rocha nai.

A **UEDER01008** componse de terra marrón clara, de composición moi areosa e compactación media-alta moi mesturada con gravillas e pequenas pedras de granito meteorizado e cun espesor medio de aproximadamente 20 cm (Figura 18). Este nivel era moi importante porque, dada a estratigrafía, de haber ao redor do petróglifo algunha actividade construtiva a súa pegada tería quedado nesta UE. De feito, nun primeiro momento sospeitamos da antropía dun depósito de terra escuro cunha forma irregular (**UEDER01011**) que apareceu neste nivel; porén unha vez que se escavou comprobouse que se trataba dun buraco natural recheo con terra orgánica, orixinado probablemente por efecto dunha raíz. Polo tanto esta UE foi eliminada.

Esta capa (**UEDER01008**) apareceu por tódalas UR escavadas excepto na UR 44, onde a rocha base estaba case a nivel superficial. Non se atopou nada máis que un posible lítico.

Por debaixo da **UEDER01008** aparece a **UEDER01012**, trátase da rocha granítica, que nalgunhas partes estaba o suficientemente consolidada para que fose rocha e noutras zonas atopábase en estado de descomposición, presentado unha compactación baixa e unha cor amarela (Figura 21).

Finalmente só queda mencionar as **UEDER01009** e a **UEDER01010**. A primeira aparece

na UR44 e presenta pedras de granito de tamaño y espesor variable desde os 5 cm aos 50 cm. As formas varían de redondeadas a planas ou aristas, predominando estas últimas (Figura 19). Non teñen unha disposición nin unha orientación claras. Esta UE sería equiparable á **UEDER01004**, posto que presenta as súas mesmas características e, aínda que se atopa nunha cota moi superficial, sitúase á mesma altura. O máis probable é que este depósito está producido por cantería, posto que está nunha cota moi superficial e nalgunhas zonas en contacto coa capa vexetal, ao mesmo tempo atópase case en contacto coa rocha base, que na UR44 está nunha cota moi alta. Por outro lado atópase nas zonas onde se poden observar restos de cantería en superficie.

En canto á **UEDER01010**, trátase dun depósito formado por tres pedras de granito (Lámina 20). As medidas do seu eixo maior varían de 20 cm a 70 cm. As tres atópanse orientadas en dirección E-W e cun buzamento 4. Este feito revela unha posible colocación antrópica pero que probablemente sexa moderna posto que se atopan ao lado da **UEDER01009**, nunha cota superficial e nunha zona moi alterada por labores de cantería.

Finalmente tamén foron escavadas as gretas máis amplas do petróglifo, para o cal se empregaron espátulas de madeira para afectar o menos posible a rocha. Nestas gretas non apareceu material arqueolóxico de ningún tipo.

Descrición de materiais

O conxunto de materiais documentado no *Petróglifo de Devesa do Rei* está constituído por corenta e cinco pezas, tres fragmentos de cerámica e corenta e dous líticos (Figura 23). De maneira xenérica son de adscripción indeterminada. Seguidamente pasamos a describilos brevemente, ademais na parte final deste traballo inclúese un catálogo descritivo dos mesmos.

Na UEDEV01001 atopáronse 16 líticos (**PZDER01b0001-0016**⁵) o resto de líticos (24) apareceron na **UEDER01002** excepto as **PZDER01b0040** e **0042** que se atoparon na **UEDER01008**. Os tres fragmentos cerámicos apareceron na **UEDER01002** (Figura 24)

Valoración do conxunto cerámico

A cerámica é moi pobre en número e presenta un grao de rodamento moi forte, o número total é de tres pezas. Un dos fragmentos de cerámica é unha panza (**PZDER01a0002**) que pertence a un cacharro feito a torno, presenta texturas compactas, co negra fractura monócroma negra, non conserva o acabado. Os restantes son fragmentos de material construtivo, un ímbrice (**PZDER01a0001**) e unha tella (**PZDER01a0003**), están feitos a man e presentan

⁵ Empréganse as siglas PZDER xa que se refiren a pezas de Devesa do Rei.

texturas porosas, pastas laranxas e unha fractura da mesma cor que a súa superficie.

Valoración do conxunto lítico

O conxunto lítico recuperado está composto por un total de corenta e dúas pezas. Sete destas pezas foron descartadas por non presentar sinais claras de modificación antrópica. Porén, as que si foron incluídas no inventario son unha serie de pezas, fundamentalmente soportes rodados, que, aínda que non presentan sinais de modificación antrópica, a súa documentación no xacemento parece responder a unha deposición de carácter intencional. Asimesmo, unha peza das rexistradas non foi localizada, polo que non foi posible a súa análise.

O soporte litolóxico predominante é o do cuarzo, que aparece en vinte e nove pezas, cinco delas en variedades cristalinas (tres de cuarzo cristalino e dúas de cristal de rocha, respectivamente). As cinco pezas restantes son de granito, tamén de diferentes variedades.

Polo que respecta ás categorías de análise tecnomorfolóxica, a práctica totalidade das pezas correspóndese con produtos tallados, entre os que predominan os *refugos de talla* (vinte pezas). Destaca a presenza de numerosas pezas que conservan parte de superficie cortical dun soporte tipo canto rodado, e algunhas parecen pertencer ao mesmo canto. Documentáronse tamén tres *soportes simples* tipo lasca (un deles de carácter antrópico dubidoso) e dous *núcleos*, aínda que a súa asignación como produtos antrópicos tamén resulta algo dubidosa (undeles presenta un grao de rodamento medio que dificulta a lectura dos trazos tecnolóxicos).

Ademais documentáronse nove pezas que agrupamos baixo a categoría de *Diversos*, e que se corresponden fundamentalmente con fragmentos de cantos rodados de seixo, cantos ou fragmentos de canto de granito, destacando un que está conservado enteiro (PzDER.01/b012); pódense apreciar algunhas esporteladuras nun extremo apuntado e que podería ser empregado como percutor. Tamén se documentou un fragmento dun soporte prismático de seixo con múltiples fracturas.

A **escasa representatividade**, tanto cualitativa como cuantitativa, do conxunto lítico documentado nas sondaxes, non permite facer unha valoración máis alá da descrición formal e dos trazos tecnolóxicos máis característicos, polo que non podemos propor unha adscrición cronocultural para os mesmos.

REPRODUCCIÓN DOS GRAVADOS: LEVANTAMENTO DO CALCO SOBRE PLÁSTICO

A metodoloxía aquí proposta está descrita en Seoane 2009, e foi amplamente contrastada en campo durante anos, aínda que na actualidade o calco sobre plástico está sendo substituído por métodos de reprodución en 3D.

Estes métodos acadaron nos últimos anos un gran éxito dentro do campo do patrimonio cultural, e máis concretamente aplicados á documentación da arte rupestre (p.e. Bryan y Chandler 2008, Díaz-Andreu et al 2006; Duffy 2010). Son capaces de xerar un rexistro dixital de calidade que non causa ningún tipo de impacto sobre o soporte por non necesitar contacto directo coa rocha, e ao crear documentación tridimensional non presentan os problemas propios dos sistemas en 2D, onde sempre se vai xerar unha distorsión producida polo paso dunha imaxe orixinal en tres dimensións a outra en dúas dimensións. Ademais, dependendo da resolución e do tipo de tecnoloxía existe a posibilidade de identificar motivos case imperceptibles para o ollo humano. Ao mesmo inclúen a opción de facer réplicas a calquera escala incluíndo o tamaño real.

Estas posibilidades das técnicas en 3D, especialmente a última, convértenos en especialmente indicados para a documentación do petróglifo de Devesa do Rei, pero no momento en que se levou a cabo a intervención estas técnicas eran practicamente descoñecidas no rexistro da arte rupestre galega. Aínda actualmente estes métodos non son aplicables en todos os contextos debido ao elevado custo e ao alto grao de especialización necesario para o seu manexo tanto en campo como en gabinete.

Así pois, o calco sobre plástico foi o método elixido, realizándose no transcurso da escavación arqueolóxica. O tempo total empregado foi de varios días, posto que se procedeu a unha minuciosa observación da rocha con distintas condicións meteorolóxicas, distintas condicións de luz durante o día, e con luz artificial durante a noite. Tamén se fixo un *frotage* para identificar con total seguridade tódolos gravados que puidese conter a rocha. Despois de todo isto procedeuse ao pintado dos gravados con pintura non permanente, para despois facer o calco sobre plástico transparente. A continuación describimos pormenorizadamente a metodoloxía empregada:

Metodoloxía de observación e reprodución no campo

Definición dos límites da área gravada

Antes da observación procedeuse ao **limpado superficial** do panel coa finalidade de facilitar a visión dos gravados e de deixar ao descuberto posibles motivos ocultos. Esta operación realizouse con sumo coidado para non danar a superficie da rocha, e non provocar efectos negativos na mesma.

Para este caso, dadas as características do proxecto, a limpeza fíxose moi superficialmente, eliminando terra húmica, vexetación ou calquera axente da rocha. Nesta rocha os liques ou as algas non prexudicaron a observación xa que a rocha carecía deles ao estar tapada con cobertura vexetal ata o momento do seu achado.

Para a delimitación da área gravada tamén se procedeu á limpeza de fisuras, diaclasas e concavidades colonizadas pola vexetación, así como ao despexe dos marxes da rocha. Os instrumentos usados para a limpeza foron espátulas de madeira.

Despois desta limpeza procedeuse a un varrido profundo da superficie, cun cepillo brando, para eliminar os residuos.

Observación e identificación dos gravados

Unha vez limpa a superficie, o paso seguinte foi o exame do petróglifo, identificando e delimitando os gravados. Para iso utilizáronse distintas condicións de luz (Figura 25):

Lectura de gravados por medio de luz natural a distintas horas do día

Procurouse revisar a rocha os días despexados con sol, xa que estes son, sen dúbida, os mellores para a observación de gravados. Tamén son indicados os días de choiva, e os días que suceden a estes, especialmente se son soleados, posto que o petróglifo se atopa mollado e iluminado ao mesmo tempo. En canto á hora do día intentouse facer o traballo naquelas horas en que a luz se proxecta cun ángulo cerrado sobre os gravados, isto é, as primeiras e as últimas horas. Nestes momentos, grazas á luz rasante, os obxectos son iluminados de forma lateral, proxectando sombras máis contrastadas e alongadas. Cando a luz se proxecta verticalmente ou formando un ángulo aberto sobre os gravados dificultase a súa lectura, isto é, nas horas intermedias do día, porén, pódense apreciar outras informacións, como distintas texturas ou procesos de alteración.

Exame do petróglifo con luz artificial

Foi usado este tipo de luz xa que axuda a interpretar deseños danados ou erosionados. Para isto utilizáronse focos conectados a un xerador de corrente, situados de modo que proxectaban unha luz rasante sobre os gravados. Sen dúbida este é un dos mellores métodos para a identificación dos motivos.

Outros procedementos complementarios

Na maioría dos casos, utilizando estes dous tipos de iluminación que acabamos de describir, púidose facer unha lectura completa dos motivos gravados, porén, neste petróglifo en concreto, experimentouse coa técnica do *frotage*⁶, comprobando que este método, neste caso, non aportou novidades determinantes na definición dos gravados. Isto pode ser debido a que o tipo de granito desta rocha presenta unha superficie moi rugosa que fai que o suco se distinga con dificultade do resto da rocha, sobre todo naqueles casos en que o suco non é moi profundo.

Para realizar esta técnica con éxito a superficie da rocha debe estar o máis limpa posible, posto que calquera axente alleo a ela figurará no *frotage*. Cóbrese a rocha co papel de maneira que está completamente estirado e sen engurras e procédese á fric-

ción co papel de carbón. Unha vez finalizado é necesario comparar o resultado coa superficie da rocha.

Pintado do petróglifo

A finalidade do pintado foi que tódalas figuras se fixeran visibles, creando un contraste entre o suco e a superficie non gravada, para obter unha imaxe nítida das figuras de cara á realización de fotografías ou calcos. Neste caso utilizouse unha pintura que cumpre tres requisitos: ofrece unhas condicións de permeabilidade e reversibilidade altas, presenta unha nula agresividade na rocha, e crea un contraste óptimo co resto da rocha.

Sen dúbida a pintura máis comunmente usada en todo o mundo é o xiz (CaCO₃), ou ben usándoo só para remarcar os gravados, ou ben mesturándoo a partes iguais con auga para pintalo. Porén, ao ser un produto alcalino produce un efecto químico sobre a rocha, actuando sobre a microflora e provocando a desaparición do lique. Isto deixa sen microorganismos a superficie da rocha, o que pode xerar a longo prazo problemas de desprotección para a mesma.

Tendo en conta isto buscáronse outras alternativas como:

- **Pigmentos naturais inorgánicos**, que para a súa aplicación necesitan ser antes diluídos en auga. A proporción variará segundo a fixación que lle queiramos dar á pintura. Dependendo de cada cor, proceden dun mineral distinto. Experimentamos con dous tipos: sombra natural e ocre. O primeiro é terra natural, de composición similar á da siena, pero de maior contido en manganeso, ten unha cor parda oscura, con tonalidades que varían da verdosa á amarela e á violácea, e non é totalmente opaca. O ocre é arxila coloreada por ferro que presenta tonalidades amarelas e apagadas. É unha pintura opaca.
- **Pintura Pastel**, son barras de pastel moídas. A composición é pigmento con creta precipitada e goma de tragacanto (sustancia xerada por unha planta da especie *astragalus*). Segundo a forza do aglutinante de cada un dos pasteis obteremos unha maior ou menor permanencia da pintura sobre a rocha. As cores utilizadas foron a branca e a vermella, o pigmento da primeira é creta precipitada e a forza do aglutinante media: dura intacto varias choivas. En canto á vermella, o pigmento é vermellón e a forza do aglutinante media-forte. Destaca menos que o anterior e dura máis tempo.

Para realizar as fotos e o calco decantámonos polas pinturas pastel en cor branca, xa que son as que ofrecen un maior contraste coa rocha (Figura 26). Porén, calquera destas pinturas é óptima posto que non supoñen ningún tipo de agresión para a rocha ou os gravados.

Colocación do plástico para a realización do calco

O plástico colocouse sobre a rocha de tal maneira que quedou ben fixo e tirante. Dadaa as grandes di-

⁶ Consiste na fricción de papel de carbón sobre papel branco para reproducir o suco do gravado, quedando así o negativo dos motivos proxectado no papel.

mensións do panel empregouse un tamaño de folla plástica duns 3.000 x 1.000 cm aproximadamente.

Para a correcta execución do calco foi convinte dividir a rocha en sectores, correspondéndolle a cada ún deles un plástico. Comezouse por un extremo co fin de levar unha certa orde á hora de colocar e numerar os plásticos. Como empregamos máis dunha folla plástica, as numeramos, e insertáronse unha serie de puntos de referencia para ter ubicada cada folla plástica con relación ás demais unha vez fosen movidas. Para facer isto superpuxemos unha parte do plástico coa seguinte (uns dez centímetros), colocando no plástico inferior unha marca numerada que repasamos no plástico superior. Con isto conseguíuse identificar toda a representación e casar uns plásticos con outros en gabinete.

Neste caso, ante as amplas dimensións do panel, foi necesario facer un debuxo da colocación dos plásticos.

Perfilado das figuras sobre o plástico

Realizouse con rotuladores indelebles, empregando unha convención de diferenciación por medio de cor e trazado. O estándar de cor foi a negra para os gravados, a vermella para os accidentes morfolóxicos da rocha, indicando de que tipo de accidente se trata; e a verde para o contorno da rocha. Empregouse a liña discontinua cando os límites dos gravados, contorno da rocha, etc. non eran claros ou estaban tapados, (Figura 26).

Por outro lado, para marcar a profundidade do gravado foi empregada una escala de profundidades na que 1 é menos profundo, 2 medio e 3 máis profundo. Isto serviu posteriormente en gabinete, para advertir ao observador das diferenzas de profundidade, o que permite, na maioría dos casos, unha maior definición do motivo.

Para finalizar o calco, no bordo de cada plástico debuxouse o número de plástico que correspondía, o norte xeográfico e unha medida de 50 cm, para dispoñer mais tarde dunha escala.

Procesado en gabinete

Unha vez rematado o calco obtivéronse unha serie de follas plásticas con partes coincidentes. Estas follas non puideron ser manexadas na súa escala orixinal, por iso foron reducidas a unha escala conveniente.

Para pasalas a un formato dixital manexable escaneáronse tódolos plásticos nun Scanner de alta resolución A0, e logo uníronse no programa Photoshop na súa versión 7.0. Unha vez unidos procesamos esta composición e obtívose o calco definitivo (Figura 27).

EXTRACCIÓN, TRASLADO E POSTA EN VALOR DA ROCHA CON GRAVADOS

Problemática previa

Como dixemos máis arriba, a escavación, á parte de tratar de determinar a posible existencia de restos relacionados, tentou proporcionar unha superficie de traballo para acometer o corte e a extracción da rocha.

A rocha tiña un enraizamento profundo e unha alta **posibilidade de fractura**, polo que para realizar a extracción valorouse a necesidade de levar a cabo un estudo previo, que permitise determinar en primeiro lugar a idoneidade e viabilidade da intervención e a continuación, en caso de valorarse como viable, dos requirimentos técnicos necesarios para facer unha extracción segura. Con data de 16 de decembro de 2004, a restauradora do LaPa, Yolanda Porto Tenreiro, emitiu un informe á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informando do estado da rocha despois da extracción, e advertindo sobre a conveniencia de ter feito este estudo en maior profundidade antes da extracción, xa que nos permitiría determinar os procesos de deterioro que afectaban á rocha e así:

- **Coñecer en profundidade a distribución das diaclasas naturais** da rocha, tanto das subverticais visibles dende o exterior como das subhorizontais que atravesan a rocha polo seu interior. Hai que ter en conta que dun granito moi diaclasado (con diaclasas a menos de 3 m) non se poden extraer bloques; a capa máis superficial na que se atopan os gravados está moi afectada por este tipo de alteracións de tipo físico, é nesta parte da rocha onde as diaclasas teñen maiores dimensións.
- **Valorar o grao de cohesión da rocha**, xa que se a rocha fose compacta facilitaríase de forma notable o corte limpo e, en caso contrario, como é o que nos ocupa, a disgregación provocada polo alto grao de disolución dos feldespatos que dan lugar a hidróxidos de Fe provoca perdas de material na superficie da rocha onde se atopan os gravados, polo que neste caso este deterioro é particularmente grave. A descohesión do material é igualmente notable nas zonas de corte.
- No caso de que a estrutura física e química da rocha o permitise, e se valorase como viable a intervención de extracción, sería oportuno recomendar o sistema e medios técnicos que nos permitisen en todo momento **garantir a integridade dos gravados**, desbotándose calquera outro método que non nos ofrecese garantías.

A intención da extracción era a de obter un bloque compacto do espesor suficiente para poder ser trasladado con garantías de integridade e ao tempo que non fora moi pequeno, para evitar posibles intentos de furto no futuro. Porén, ao non terse realizado un estudo técnico en profundidade cando se fixo a extracción, non se coñecía o estado real da

rocha e, polo tanto, non eran previsibles os erros que aconteceron e se detallan máis adiante.

Para os traballos de extracción valorouse en primeiro lugar a posibilidade de que corresen a cargo da Escola de Canteiros de Poio ou de outra empresa de cantería. A técnica recomendada consistía en realizar o corte da rocha con **fío de diamante**, protexendo previamente a superficie da rocha e inxectando resinas nos puntos e liñas de debilidade, utilizando as grandes diaclasas verticais da rocha para fracturala en tres bloques. Este sistema foi finalmente descartado polo seu elevado custo.

Metodoloxía de extracción

As grandes dimensións da rocha foron as que obrigaron a considerar, xa de partida, a necesidade de seccionar o afloramento en bloques independentes, dado que era inviable a extracción nun só, tanto polas dimensións do mesmo como polo grao de alteración da superficie da rocha, que presentaba numerosas diaclasas e lixos que podían producir fracturas incontroladas. A técnica de corte consistiu na **perforación progresiva da rocha mediante barrenas** e na introdución de **cemento expansivo** nos ocos, de xeito que se fosen xerando bloques independentes para proceder ao seu traslado e posterior reubicación (Figura 25). O cemento expansivo no proceso de solidificación e aumento de volume provocou a rotura da rocha, xa que a presión provocou que a rotura dos bloques se producira polas fendas internas da rocha, planos paralelos ou oblicuos á superficie.

A primeira zona onde se actuou foi a parte E da rocha, na que se atopaban dous motivos gravados: aproveitouse unha fenda natural para a súa extracción. Debido ao seu grande volume decidiuse desde un principio rachala en dúas partes. O resultado para esta parte da rocha foi relativamente positivo, xa que este era un bloque compacto en bo estado de conservación, que fracturou en dous bloques con cortes limpos. (Figuras 29 e 30).

Nun segundo momento abordouse a extracción dun bloque máis pequeno, que contiña o reticulado de menor tamaño, a extracción foi sinxela e, aínda que rompeu un cacho, non se produciron danos neste gravado. Porén, nesta extracción produciuse unha pequena fenda na zona do reticulado principal. A presenza desta fenda significaba que o grao de compactidade da superficie non era suficiente para soportar unha presión tan forte. Esta falta de compactidade tradúcese na disgregación dos compoñentes minerais por perda de material cimentante, o que debilitou estruturalmente o material rochoso. Polo tanto, neste estado a rocha non tivo un comportamento comparable ao que tería unha rocha san. (Figura 31)

Nunha terceira fase de traballo pasouse á extracción da zona onde se atopaban o reticulado principal, empezando pola parte inferior e inmediata á zona gravada. Esta parte, aínda que se produciron roturas, pódese dicir que saíu nun bloque bastante compacto; porén, a zona do gravado principal quedou fracturada en varios cachos de tamaño pequeno, xa que a pedra partiu pola fenda que se produciu

por acción dos barrenos na segunda fase de extracción. (Figura 32)

Unha vez extraídos tódolos bloques, foron depositados temporalmente nunha área situada cerca do tronco principal, dentro da banda de expropiación. Neste lugar permaneceron as rochas ata a súa reubicación no mes de febreiro do 2006. (Figura 33)

Situación patrimonial tralos traballos de extracción

A rocha fracturou en varios bloques, dos cales só dous conteñen gravados, que foron trasladados a un lugar próximo ao da súa ubicación orixinal. Nun dos grandes bloques consérvase un motivo de suco semicircular e un círculo con apéndice, e no bloque de menor tamaño consérvase un gravado dun pequeno reticulado que se atopa bastante erosionado, está situado nun extremo coincidindo co bordo do bloque.

Como pode observarse nas fotografías realizadas no momento da extracción (Figura 32), a zona onde se atopaba o gravado de reticulado foi a máis afectada, xa que o diaclasado provocou que se producisen **multitude de fisuras e fracturas** que, no momento de proceder ao levantamento, fixéronse máis profundas, ocasionando a súa **destrución**. Este motivo fracturou en varios anacos pequenos, con numerosas esquirlas de distintos tamaños, os cales foi imposible recompoñer. Os dous anacos de maior tamaño teñen unhas dimensións de 40 cm por 13 cm, e de 20 cm por 18 cm. Actualmente seguen en depósito nas instalacións do Laboratorio de Patrimonio do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, xa que se desbotou a posibilidade de reconstruílos.

Proposta de traslado

Tanto o grao de fragmentación como a descohesión que presenta a pedra imposibilitaron a consolidación e reconstrución do motivo principal. En contra do previsto no proxecto de intervención, e polos motivos antes expostos, a rocha fracturou en multitude de anacos que fixeron imposible unha hipotética reconstrución do conxunto.

A nosa proposta foi a **recolocación** dos bloques que conteñen o motivo semicircular, e o do pequeno, nun lugar próximo. Elixíuse un sitio de fácil acceso para a maquinaria que os ía trasladar desde a ubicación actual ata a definitiva. Igualmente, o novo emprazamento é accesible para o público a través do camiño, e está integrado no itinerario das rutas previstas na zona. Na ubicación definitiva tívose en conta o posible desdoblamento do corredor nun futuro, elixindo un lugar non afectado por esta posible modificación.

Metodoloxía da reubicación e resultados da mesma

Tendo en conta todo o exposto, tralo depósito temporal na banda de expropiación dos bloques resultantes da extracción, e coa obra do Corredor na súa fase final, procedeuse á súa reubicación definitiva. Atendendo aos parámetros establecidos na resolu-

ción emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con data de 29 de agosto de 2003, o obxectivo principal da intervención foi a reubicación dos gravados en terreos de titularidade pública nun momento avanzado da obra, e a posta en valor do petróglifo xa en fase de reacondicionamento. Porén, debido aos resultados negativos da extracción só puido ser reubicada unha parte pequena da rocha orixinal.

Os principios metodolóxicos xerais son os recollidos no Proxecto de Corrección do Impacto Arqueolóxico do Corredor do Morrazo, polo que no seguinte apartado só se contempla o plano puntual de traballo para a presente intervención. Como antes dicíamos, os resultados negativos da extracción non permitiron realizar a recuperación dos gravados tal e como estaba proposta no proxecto inicial de *Escavación, traslado e posta en valor do petróglifo de Devesa do Rei*, debido a iso modificouse concretándose nos seguintes aspectos:

Estudo do lugar de reubicación dos bloques dentro da banda de ocupación do corredor.

O lugar proposto para a reubicación está no contorno inmediato do lugar orixinal, a 164 m ao SE, dentro da área de expropiación da obra e no límite dunha antiga pista agora anulada que foi cedida pola Comunidade de Montes de Meira a través do Concello de Moaña mediante un acordo verbal (Figura 3). O lugar de reubicación foi o máis próximo posible ao orixinal; non foi viable respectar a súa orientación orixinal. Porén situouse nun punto no que conserva a súa visibilidade cara á valgada onde estaba emprazado. O novo sitio é un rechán artificial formado por escombros das obras do corredor.

Considerouse este sitio como o máis idóneo xa que:

- Sitúase no **contexto inmediato** da posición orixinal posto que está practicamente na mesma vertente, e localízase nun punto máis elevado pero cunha inclinación similar á orixinal conservando polo tanto unha visibilidade maior que na súa ubicación orixinal. Aínda que no proxecto prevíase recolocar o gravado reproducindo a orientación orixinal, non foi posible debido ás características do terreo; ademais, a rotura do petróglifo fixo que fose máis interesante darlle prioridade á proximidade ao seu contexto orixinal e a reprodución das condicións topográficas concretas antes que a orientación respecto ao N xeográfico.
- Na elección do lugar de reubicación foi previsto o futuro **desdoblamento do Corredor** de xeito que non poida ser novamente afectado.
- É unha zona **facilmente accesible**, xa que se sitúa a 10 m dunha vía de acceso, moi preto dunha saída e entrada ao corredor, podendo ser integrado no itinerario das rutas previstas na zona. Ademais, o lugar elixido para a reubicación dos bloques é de fácil acceso e manobra para a maquinaria que os vai trasladar desde a ubicación actual. Ao mesmo tempo contemplouse a accesibilidade para as visitas. A zona na que se empraza está rodeada e protexida por unha valla.

- Queda dentro da banda de expropiación da obra, polo que son terreos de titularidade pública, o que mellora en certa medida a **posibilidade de sinalización**.

Preparación da área de reubicación

Fíxose unha limpeza e acondicionamento da área de reubicación dos petróglifos. A extensión da mesma adaptouse ao tamaño dos bloques gravados. O obxectivo era que as rochas quedaran soterradas para evitar fundamentalmente a súa inestabilidade e os desprazamentos, simulando na medida do posible un afloramento natural.

Para esta tarefa empregouse unha retropala mixta, que abriu unha área na liña de chan de aproximadamente 10 m por 6 m, con 0,60 m de profundidade, para a posterior colocación das rochas (Figura 33).

Traslado e reubicación dos bloques resultantes da extracción

Para o traslado utilizouse unha grúa provista de cintas e cables que levou as rochas dende o lugar de depósito provisional ata o lugar da súa ubicación definitiva. Unha vez alí colocáronse as rochas con axuda da grúa e de man de obra (Figura 34).

Como xa advertimos antes, debido ós resultados negativos da extracción só puido ser reubicada unha pequena parte da rocha orixinal. Despois da extracción contabamos con catro bloques de grandes dimensións que presentaban un volume e consistencia axeitados para a recolocación (estes bloques presentaban un peso medio de 10 Tm), xunto con dous cuxo tamaño era máis pequeno (o seu peso estaba ao redor dos 700 kg cada un) pero suficiente para a recolocación. Finalmente, só tres destes bloques, os dous de maior tamaño e un dos pequenos, foron reubicados, xa que dous deles contiñan motivos e o terceiro, aínda que carecía de gravados, unía fisicamente cos dous anteriores. Os restantes bloques non foron reubicados posto que se trataba de bloques extraídos da parte oeste e central da rocha orixinal, que non unían con ningún dos anteriores e non presentaban gravados, polo que quedarían totalmente descontextualizados á hora de reubicalos.

En primeiro lugar colocouse o bloque de maior tamaño, que contén o círculo con apéndice e o gravado con forma de semicírculo. O seu peso é de 18 tm. Trátase dun bloque en moi bo estado de conservación. Uníase coa rocha orixinal pola súa parte esquerda, polo que neste lado presenta pegadas da extracción; porén, o paso do tempo, a erosión e a colonización líquénica iranlle dando un aspecto máis natural.

Aínda que presentaba marcas de extracción por barrenas polo lado dereito, actualmente son imperceptibles xa que foi por este lado por onde uniu co segundo bloque que se reubicou. Este segundo bloque, cuxo peso é de 10 tm, non contén gravados. Este bloque tamén presenta un estado de conservación moi bo, non se aprecia ningún resto de cortiza, xa que o seu nexo de unión coa rocha orixinal era o bloque anterior. Entre ámbolos bloques quedou una

pequena fenda que foi tapada con area para conferirlle un aspecto máis homoxéneo, intentando que aparente ser un só bloque.

O último dos bloques, con un peso de 700 kg, contiña o reticulado de menor tamaño. Este consérvase intacto, aínda que o bloque estaba roto e lle faltaba un cacho no seu lado esquerdo, reubicouse na parte de abaixo e en contacto directo co bloque que contén o círculo con apéndice, igual que estaba en orixe. Ao igual que no caso anterior colocouse area na unión co outro bloque.

Finalmente, a base dos bloques foi tapada con area e escombros para imposibilitar que se movan e para conferirlles na medida do posible un aspecto de afloramento.

A maquinaria e a man de obra foron proporcionadas pola empresa construtora. O tempo empregado na reubicación foi de dous días.

Posta en valor dos bloques con gravados e acondicionamento da zona

A empresa promotora da obra ten previsto acondicionar en breve a zona con terra vexetal.

No proxecto inicial a posta en valor que contemplaba a **sinalización** do petróglifo formaba parte desta actuación, porén a esta sinalización non fora incluída no presuposto inicial polo quedara pendente de execución, á espera de que a asistencia técnica da CPTOVP confirme que empresa se encargará da colocación desta sinalética. Porén a día de hoxe, o LaPa aínda non recibiu dita notificación.

A nosa proposta para a sinalización é a que segue: trátase da colocación dun panel explicativo a carón dos gravados e no límite da vía de acceso. O volume de información ten que ser básico, sintético e moi visual, posto que os contidos demasiado densos impedirían ao visitante manter un adecuado nivel de atención e retención de conceptos. Os *contidos* do panel será eminentemente gráficos, incluíndo:

- Breve explicación da **cronoloxía e a significación** dos gravados. Esta explicación iría apoiada polo calco do petróglifo e fotografías dos gravados. Tamén se falará neste apartado do seu contexto arqueolóxico, poñéndoo en relación co resto dos xacementos da zona.
- Breve explicación da intervención. Incluiría o plantexamento da **escavación** e os seus resultados, acompañado por un soporte gráfico.
- Plantexamento da **extracción, traslado e reubicación**, explicando a problemática do petróglifo no contexto das obras e xustificando por qué se levou a cabo este traslado. Inclúiranse as fotografías de todo o proceso.

VALORACIÓN DA INTERVENCIÓN

A actuación realizouse en función da existencia dos gravados e da posibilidade de que existiran evidencias arqueolóxicas no seu contorno inmediato. O ob-

xecto da intervención era valorar o potencial arqueolóxico da zona por medio dun exame exhaustivo do solo, e así poder localizar restos de actividades preteritas relacionadas co petróglifo. Así mesmo a actuación perseguía a salvagarda dos gravados, ante as obras de construción do corredor.

No sector examinado nesta actuación non se documentou ningún elemento arqueolóxico significativo, identificándose en tódolos casos secuencias edafolóxicas naturais ou con modificacións modernas. Os restos de intervención humana en épocas prehistóricas só se puideron evidenciar pola presenza do petróglifo.

Unha vez confirmado que os resultados apuntan en todos os casos a procesos naturais ou antrópicos modernos, e ante un conxunto material moi pouco definitorio, estivemos en situación de descartar a potencialidade desta área afectada polo trazado do corredor do Morrazo, e proceder á extracción do petróglifo e á súa posterior reubicación.

Lamentablemente, o mal estado de conservación da rocha provocou a rotura en fragmentos menores do gravado principal, quedando outros tres motivos intactos. Unha vez finalizada a extracción os bloques que contiñan estes tres motivos, temporalmente foron depositados nun lugar dentro da banda da expropiación, sendo responsable da súa integridade a empresa construtora. Así pois, unha resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 15 de xaneiro de 2004 **dá por rematada a cautela arqueolóxica** existente no contorno do petróglifo de Devesa do Rei, xa que non existía inconveniente algún de índole arqueolóxica para a continuación das obras.

Non obstante, mantívose coma *medida correctora* necesaria a realización de labores de **control e seguimento arqueolóxico** coa presenza da equipa de arqueólogos durante a apertura da pista, co fin de controlar as obras nestes tramos, por se se advertise a presenza de evidencias non documentadas nestes traballos, medidas que xa son efectivas e sen que se teña documentada ningunha outra evidencia.

O 1 de febreiro do 2006 procedeuse á reubicación definitiva dos bloques resultantes da extracción que posuían un tamaño suficiente para ser recolocados. Para iso elixiuse unha zona situada preto da orixinal, que reproducise na medida do posible a súa situación inicial. Unha vez levada a cabo a reubicación deuse por **rematada a intervención**, propondo como medida o **acondicionamento e sinalización** do lugar de reubicación do petróglifo.

Por último, cremos necesario resaltar a orientación cara á difusión e divulgación que se levou a cabo dos resultados desta intervención. Desde este Laboratorio organizouse e xestionouse unha exposición itinerante titulada *Arqueoloxía do Morrazo* onde, cun total de 10 póster, presentáronse de maneira moi básica os desenvolvementos dos traballos arqueolóxicos (actuacións/escavacións) realizados no marco das obras do Corredor do Morrazo entre xuño de 2003 e agosto de 2004. A intención principal era achegar ao público xeral a información xerada durante as intervencións arqueolóxicas, particularmente aos habitantes da península do Morrazo, que foron directamente afectados polas obras.

Así, un resumo da intervención sobre o xacemento de *Devesa do Rei* integrouse xunto coas outras dúas intervencións que estaban orientadas a corrixir a afección a rochas con evidencias de gravados que ían ser destruídos polas obras do corredor (Figura 35). Baixo o título *Tres Petróglifos afectados polas obras: Devesa do Rei, O Viveiro e Gondarán* expónse o proceso das intervencións e os seus resultados, coa documentación dos gravados, a escavación do seu contorno, así como a extracción das rochas e a súa posta en valor. Ademais explícase o impacto de toda a obra sobre este tipo de manifestacións prehistóricas e os problemas patrimoniais xerais que presentan os petróglifos no contexto actual. A exposición, ata o día de hoxe, estivo nos seguintes lugares

- Do 12 ao 20 de maio do 2005, en Moaña, organizado en colaboración coa *Agrupación Cultural Nós* de Moaña. A exposición reforzouse coa presentación por parte de diversos arqueólogos dos resultados das intervencións máis significativas do seguimento do Corredor en varias charlas ao longo destes días.
- Do 7 ao 23 de outubro de 2005 en Cangas de Morrazo, organizado en colaboración coa *Agrupación Cultural Nós* e o Concello de Cangas. Neste caso, a exposición estivo apoiada pola presenza de material arqueolóxico recuperado nestas intervencións.
- No mes de novembro de 2005, na sede do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento en Santiago de Compostela, dentro dos actos da *Semana da Ciencia en Galicia 2005*.
- En xuño do 2006, no Centro Arqueolóxico do Barbanza (Boiro-A Coruña)

Coma un dos froitos desta exposición e colaboración entre distintas entidades, editouse unha publicación onde se recolle a información que se presentaba na exposición e a súa valoración preliminar, cun apartado dedicado aos petróglifos afectados polo corredor, incluído o de *Devesa do Rei* (Criado e Cabrejas 2005: 70-75).

BIBLIOGRAFÍA

- Bengtsson, L. 2010. To Excavate Images: Some results from the Tanum Rock Art Project 1997-2004 in Åsa Fredell and Joakim Goldhahn (eds), *Representations and Communications: Creating an Archaeological Matrix of Late Pre-historic Rock Art*.
- Bryan, P.; Chandler, J. 2008: Cost-effective Rock-Art Recording within a non-specialist environment. *International Archives of Photogrammetry, Remote Sensing and Spatial Information Sciences*, 37 (B5):259-264.
- Cobas, M. I; Prieto, P. 1998. *Criterios y convenciones para la gestión y el tratamiento de la cultura material mueble*. CAPA (*Criterios y Convenciones en Arqueología del Paisaje*), 7. Santiago de Compostela: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais.
- Criado, F.; Cabrejas, E (coord). 2005. *Obras Públicas e Patrimonio: Estudo arqueolóxico do corredor do Morrazo*. TAPA (*Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio*), 35. Santiago de Compostela: IEGPS.
- Doval, J.F.; Vidal, M.A. 2001. *Prospección Arqueológica Intensiva del Corredor de O Morrazo, Cangas y Moaña, Pontevedra*. Memoria Técnica. Depositado no Servicio de Arqueología da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xunta de Galicia. Ambiotec S.L. Santiago de Compostela.
- Díaz-Andreu, M.; Brooke, C.; Rainsbury, M.; Rosser, N. 2006. The spiral that vanished: the application of non-contact recording techniques to an elusive rock art motif at Castlerigg stone circle in Cumbria. *Journal of Archaeological Science*, 33: 1580-87.
- Duffy, S. 2010. Polynomial Texture Mapping at Roughting Linn Rock Art Site. En *Proceedings of the ISPRS Commission V Mid-Term Symposium 'Close Range Image Measurement Techniques'* (Newcastle, 21-24 June 2010), XXXVIII, Part 5: 213-217.
- F.A.O. 1968. *Guía para la descripción de suelos*. Roma.
- Grupo de Arqueoloxía Alfredo García Alén. 1987. *A Prehistoria de Cangas*. Cangas: Concello de Cangas.
- Mañana-Borrazas, P; Blanco-Rotea, R; Rodríguez-Paz, A. 2009. La documentación geométrica de elementos patrimoniales con láser escáner terrestre. La experiencia del Lapa en Galicia. *Cuadernos de Estudios Gallegos* LVI(122): 33-65
- Parcero, C.; Méndez, F. y Blanco Rotea, R.. 1999. *El Registro de la Información en Intervenciones Arqueológicas*. CAPA (*Criterios y Convenciones en Arqueología del Paisaje*), 9. Santiago: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais.
- Santos, M. 2006. Arte rupestre na península do Morrazo. Santiago: *Obras Públicas e Patrimonio: Estudio arqueolóxico do corredor do Morrazo*.

TAPA (Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio)
35: 106-109.

Santos, M. 2008. *Petroglifos Y Paisaje Social en La Prehistoria del noroeste peninsular*. TAPA (Traballos de arqueoloxía e patrimonio) 38.

Seoane, Y. 2009. Propuesta metodológica para el registro del arte rupestre gallego. CAPA (CSIC). Publicación en rede. Consulta o 06/04/11:
<http://digital.csic.es/handle/10261/25060>

CATÁLOGO DE ENTIDADES DOCUMENTADAS

Táboa de Contido

Entidades documentadas en superficie.....	23
Intervención ITDER01	23
Yacimiento YA030613F02	23
Punto PU030613F02.....	23
Punto PU060201A01	23
